



INSTITUTO  
GALEGO DE  
ESTADÍSTICA



# INFORME SOBRE O ÍNDICE DE COMERCIO POLO MIÚDO


**Xaneiro 2025**

Santiago de Compostela, 12 de marzo de 2025

Instituto Galego de Estatística  
Complexo Administrativo San Lázaro s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp>  
Teléfono información: 981.54.15.89 (de 9:00 a 14:00 horas)  
FAX: 981.54.13.23  
Páxina Web : <http://www.ige.eu>

## Índice de comercio polo miúdo (ICM). Xaneiro 2025

- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos constantes rexistrou en Galicia en xaneiro de 2025 con respecto ao mesmo período do ano anterior un incremento do 0,9% e no conxunto de España do 2,2%.
- Por produtos, as vendas aumentan un 4,5% en Alimentación e diminúen un 2% no Resto de produtos en xaneiro de 2025.
- As vendas minoristas aumentan en todas as comunidades autónomas.
- O índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes rexistra un crecemento do 1,4% en Galicia no mes de xaneiro de 2025 con respecto ao mesmo período do ano anterior, e no conxunto de España medra un 3%.
- O índice xeral de ocupación rexistra unha taxa do 0,3% en Galicia e do 1,4% no conxunto do Estado no mes de xaneiro.
- A ocupación aumenta en quince comunidades autónomas no mes de xaneiro.




## 1. Índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes

O índice xeral de comercio polo miúdo a prezos constantes rexistra un incremento do 0,9% en Galicia en xaneiro de 2025 con respecto ao mesmo período do ano anterior e do 2,2% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo medra un 0,6% en Galicia e un 2,3% en España respecto a xaneiro de 2024. Desagregando por produtos:

- A Alimentación incrementa a facturación un 4,5% en Galicia e un 3,7% no conxunto de España.
- O Resto de produtos diminúe un 2% en Galicia e medra un 1,7% no conxunto do Estado.




## 2. Índices por comunidades autónomas

As vendas aumentan en todas as comunidades autónomas. As comunidades con maiores incrementos son Murcia (4,4%), Andalucía (3,9%) e Castilla La Mancha (3,9%). As comunidades con menor crecemento das vendas son Aragón (0,1%) e Madrid (0,6%).

## Índice xeral do comercio minorista a prezos constantes. Xaneiro 2025

### Taxas de variación interanual en %



### 3. Índice xeral do comercio polo miúdo a prezos correntes

O Índice de comercio polo miúdo (ICM) a prezos correntes aumenta un 1,4% en Galicia no mes de xaneiro de 2025, e un 3% no conxunto de España.

O índice xeral sen estacións de servizo rexistra unha taxa do 1,1% en Galicia e do 3,2% en España. Desagregando por produtos, en Galicia as vendas en Alimentación aumentan un 5,4% e no Resto de produtos baixan un 1,9%. No conxunto do Estado, rexístrase un incremento do 5,2% nas vendas en Alimentación e do 1,7% no Resto de produtos.

### 4. Índice de ocupación


O índice xeral de ocupación amosa unha taxa de variación interanual do 0,3% no mes de xaneiro en Galicia e do 1,4% no conxunto do Estado.

## 5. Índices de ocupación por comunidades autónomas

A ocupación no comercio minorista aumenta en xaneiro en quince comunidades autónomas. Os maiores incrementos rexístranse en Canarias (4%) e Illes Balears (2,6%). As comunidades con diminución do persoal ocupado son Asturias (-0,5%) e Extremadura (-0,1%).

### Índice xeral de ocupación. Xaneiro 2025

#### Taxas de variación interanual en %



## Notas metodolóxicas

Os índices de comercio polo miúdo son uns indicadores conxunturais que teñen por obxecto coñecer as características fundamentais das empresas dedicadas ao exercicio do comercio polo miúdo en España, e que permiten medir, a curto prazo, a evolución da actividade das empresas incluídas na sección G da CNAE-2009.

Os índices calcúlanse como un índice Laspeyres encadeado con ano base 2021 (encadeamento mensual no mes de decembro).

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes mostran a evolución das vendas do sector minorista unha vez eliminado o efecto que os prezos teñen sobre as ditas vendas.

Os deflactores que se utilizan nos distintos índices a nivel de comunidade autónoma son:

- Índice xeral de comercio minorista: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento.
- Índice xeral sen estacións de servizo: IPC xeral sen IVE sen servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes, nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.
- Índice Alimentación: IPC alimentos, bebidas e tabaco sen IVE.
- Índice Resto: IPC xeral sen IVE sen alimentos, bebidas e tabaco; nin servizos nin alugueres; nin carburantes e lubricantes; nin automóviles, outros vehículos, repostos e accesorios para mantemento; nin distribución de auga, nin electricidade nin gas.

Os índices de comercio polo miúdo a prezos constantes obtéñense como cociente entre os índices de comercio polo miúdo a prezos correntes e o deflactor.

## Anexo cadros

Cadro 1. Índices de comercio polo miúdo. Xaneiro 2025

|                                | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) |                   | ÍNDICE DEFLACTADO | VARIACIÓN (%) |                   |
|--------------------------------|--------|---------------|-------------------|-------------------|---------------|-------------------|
|                                |        | Interanual    | No que vai de ano |                   | Interanual    | No que vai de ano |
| <b>Galicia</b>                 |        |               |                   |                   |               |                   |
| <b>Xeral</b>                   | 120,3  | 1,4           | 1,4               | 100,7             | 0,9           | 0,9               |
| Xeral sen estacións de servizo | 119,8  | 1,1           | 1,1               | 99,6              | 0,6           | 0,6               |
| Alimentación                   | 116,4  | 5,4           | 5,4               | 89,8              | 4,5           | 4,5               |
| Resto                          | 122,4  | -1,9          | -1,9              | 111,9             | -2,0          | -2,0              |
| <b>España</b>                  |        |               |                   |                   |               |                   |
| <b>Xeral</b>                   | 127,8  | 3,0           | 3,0               | 106,9             | 2,2           | 2,2               |
| Xeral sen estacións de servizo | 128,1  | 3,2           | 3,2               | 106,6             | 2,3           | 2,3               |
| Alimentación                   | 125,0  | 5,2           | 5,2               | 96,4              | 3,7           | 3,7               |
| Resto                          | 130,5  | 1,7           | 1,7               | 120,9             | 1,7           | 1,7               |

Fonte: INE

Cadro 2. Índices de comercio polo miúdo corrixidos de estacionalidade e calendario. Xaneiro 2025

|                                | ÍNDICE | VARIACIÓN (%) |                   | ÍNDICE DEFLACTADO | VARIACIÓN (%) |                   |
|--------------------------------|--------|---------------|-------------------|-------------------|---------------|-------------------|
|                                |        | Interanual    | No que vai de ano |                   | Interanual    | No que vai de ano |
| <b>Galicia</b>                 |        |               |                   |                   |               |                   |
| <b>Xeral</b>                   | 122,4  | 1,5           | 1,5               | 101,4             | 0,6           | 0,6               |
| Xeral sen estacións de servizo | 120,6  | 1,1           | 1,1               | 99,3              | 0,4           | 0,4               |
| Alimentación                   | 125,4  | 5,0           | 5,0               | 96,6              | 3,8           | 3,8               |
| Resto                          | 118,5  | -1,3          | -1,3              | 106,6             | -1,1          | -1,1              |
| <b>España</b>                  |        |               |                   |                   |               |                   |
| <b>Xeral</b>                   | 129,9  | 2,9           | 2,9               | 107,4             | 2,2           | 2,2               |
| Xeral sen estacións de servizo | 129,6  | 3,1           | 3,1               | 107,0             | 2,1           | 2,1               |
| Alimentación                   | 133,2  | 4,6           | 4,6               | 102,1             | 2,8           | 2,8               |
| Resto                          | 126,6  | 2,2           | 2,2               | 115,5             | 2,1           | 2,1               |

Fonte: IGE. Elaboración propia a partir dos datos subministrados polo INE

Cadro 3. Índice xeral do comercio polo miúdo por comunidades autónomas. Xaneiro 2025

|                      | ÍNDICE       | VARIACIÓNS (%) |                   | ÍNDICE DEFLACTADO | VARIACIÓNS (%) |                   |
|----------------------|--------------|----------------|-------------------|-------------------|----------------|-------------------|
|                      |              | Interanual     | No que vai de ano |                   | Interanual     | No que vai de ano |
| <b>ESPAÑA</b>        | <b>127,8</b> | <b>3,0</b>     | <b>3,0</b>        | <b>106,9</b>      | <b>2,2</b>     | <b>2,2</b>        |
| Andalucía            | 128,4        | 4,5            | 4,5               | 107,5             | 3,9            | 3,9               |
| Aragón               | 121,9        | 1,3            | 1,3               | 101,2             | 0,1            | 0,1               |
| Asturias             | 125,6        | 2,3            | 2,3               | 105,1             | 1,0            | 1,0               |
| Balears, Illes       | 113,2        | 2,2            | 2,2               | 94,8              | 1,0            | 1,0               |
| Canarias             | 154,2        | 3,5            | 3,5               | 130,6             | 3,4            | 3,4               |
| Cantabria            | 127,9        | 3,8            | 3,8               | 107,2             | 3,3            | 3,3               |
| Castilla y León      | 123,0        | 3,0            | 3,0               | 101,6             | 2,3            | 2,3               |
| Castilla-La Mancha   | 127,0        | 4,6            | 4,6               | 104,2             | 3,9            | 3,9               |
| Cataluña             | 123,8        | 2,9            | 2,9               | 103,8             | 2,1            | 2,1               |
| Comunitat Valenciana | 124,5        | 2,4            | 2,4               | 104,8             | 1,6            | 1,6               |
| Extremadura          | 123,1        | 2,5            | 2,5               | 102,6             | 1,9            | 1,9               |
| <b>GALICIA</b>       | <b>120,3</b> | <b>1,4</b>     | <b>1,4</b>        | <b>100,7</b>      | <b>0,9</b>     | <b>0,9</b>        |
| Madrid               | 135,3        | 1,4            | 1,4               | 113,6             | 0,6            | 0,6               |
| Murcia, Región de    | 123,6        | 4,9            | 4,9               | 103,3             | 4,4            | 4,4               |
| Navarra              | 122,8        | 2,8            | 2,8               | 101,8             | 1,6            | 1,6               |
| País Vasco           | 128,5        | 5,5            | 5,5               | 106,6             | 3,5            | 3,5               |
| Rioja, La            | 125,5        | 3,4            | 3,4               | 104,2             | 2,8            | 2,8               |
| Ceuta                | 135,5        | 3,5            | 3,5               | 111,9             | 1,8            | 1,8               |
| Melilla              | 128,4        | 1,5            | 1,5               | 106,9             | 0,6            | 0,6               |

Fonte: INE

Cadro 4. Índices de ocupación. Xaneiro 2025

|                                | ÍNDICE | VARIACIÓNS (%) |                   |
|--------------------------------|--------|----------------|-------------------|
|                                |        | Interanual     | No que vai de ano |
| <b>Galicia</b>                 |        |                |                   |
| Xeral                          | 103,6  | 0,3            | 0,3               |
| Xeral sen estacións de servizo | 103,4  | 0,2            | 0,2               |
| <b>España</b>                  |        |                |                   |
| Xeral                          | 105,6  | 1,4            | 1,4               |
| Xeral sen estacións de servizo | 105,6  | 1,4            | 1,4               |

Fonte: INE



**Cadro 5. Índice xeral de ocupación por comunidades autónomas. Xaneiro 2025**

|                      | ÍNDICE       | VARIACIÓN (%) |                   |
|----------------------|--------------|---------------|-------------------|
|                      |              | Interanual    | No que vai de ano |
| <b>ESPAÑA</b>        | <b>105,6</b> | <b>1,4</b>    | <b>1,4</b>        |
| Andalucía            | 108,2        | 2,3           | 2,3               |
| Aragón               | 102,1        | 1,2           | 1,2               |
| Asturias             | 97,7         | -0,5          | -0,5              |
| Balears, Illes       | 107,4        | 2,6           | 2,6               |
| Canarias             | 113,7        | 4,0           | 4,0               |
| Cantabria            | 101,8        | 0,8           | 0,8               |
| Castilla y León      | 102,4        | 0,6           | 0,6               |
| Castilla-La Mancha   | 107,0        | 2,3           | 2,3               |
| Cataluña             | 102,3        | 0,7           | 0,7               |
| Comunitat Valenciana | 104,4        | 0,2           | 0,2               |
| Extremadura          | 103,4        | -0,1          | -0,1              |
| <b>GALICIA</b>       | <b>103,6</b> | <b>0,3</b>    | <b>0,3</b>        |
| Madrid               | 109,8        | 2,0           | 2,0               |
| Murcia               | 99,9         | 0,3           | 0,3               |
| Navarra              | 103,5        | 1,8           | 1,8               |
| País Vasco           | 104,0        | 1,0           | 1,0               |
| Rioja, La            | 102,8        | 1,2           | 1,2               |
| Ceuta                | 99,7         | 0,2           | 0,2               |
| Melilla              | 101,5        | 0,3           | 0,3               |

Fonte: INE